

Lalín muncípio

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA-  
URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18 DE SETEMBRO DE 2015.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**


D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

**1.- RAFITICACIÓN DA URXENCIA.**

Acordouse ratificar a urxencia da sesión.

**2.- FACTURAS E CONTAS.**

Previa existencia de consignación orzamentaria axeitada e suficiente, tendo en conta o informe da Interventora Municipal de data 18 de setembro de 2015, acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **18591,74 euros**.



### **3.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**3.1.-** En relación ás “**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓNS DE FEIRA NA ZONA DO REGUEIRIÑO DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2015**” (BC022015), acordouse conceder autorización para a instalación de atraccións de feira na zona do Regueiriño durante as Festas Patronais do ano 2015, denegar dita instalación aos interesados polas causas que constan no expediente e aprobar as altas e liquidacións para os días 18,19,20,21 e 22 de setembro de 2015 pola taxa de ocupación por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica, consonte co establecido no *Proxecto de Feira para a ubicación de atraccións de feira na zona do Regueiriño*, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal con data de 16 de setembro de 2015.

**3.2.-** Acordouse **conceder licenza administrativa municipal para posuír un animal potencialmente perigoso**, can de raza Rottweiler.

**3.3.-** Acordouse **conceder licenza administrativa municipal para posuír animal potencialmente perigoso**, can de raza Bullmastif.

**3.4.-** Acordouse **aprobar a concesión dunha axuda de inclusión social** para sufragar gastos causados por actuacións complementarias e de acompañamento vinculadas a itinerarios de inclusión social por importe de 165,20 euros a aboar en efectivo.

**3.5.-** Acordouse aprobar unha baixa e unha alta no programa de Xantar na Casa.

### **4.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**4.1.-** Acordouse conceder autorización municipal para placa zona de carga e descarga no baixo comercial situado na rúa Rosalía de Castro, núm. 9, Lalín.

=====

